



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 15 DE MAIO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día quince de maio de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dona Leonor Fernández Grande, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 8 de maio de 2018

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 8 de maio de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, dona Leonor Fernández Grande, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

Non se utilizou este punto da orde do día.



3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 4 ao 10 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 874/2018 e remata coa resolución da Alcaldía número 911/2018, segundo se relaciona a seguir:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|------------|---------------|--|
| 874/2018 | 04/05/2018 | Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de maio de 2018 |
| 875/2018 | 04/05/2018 | Aprobación de admitidos no programa de actividades da Casa da Cultura -Vila Concepción-febreiro-maio 2018 |
| 876/2018 | 04/05/2018 | Autorización condutor asalariado na licenza de taxi nº 25 |
| 877/2018 | 04/05/2018 | Conceder o permiso para a ocupación de 13 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2018 fronte ao local café bar Bote 97 situado na rúa Pígara, O Temple |
| 878/2018 | 04/05/2018 | Conceder o permiso para ocupar 17 m ² da vía pública cunha terraza durante o segundo trimestre do ano 2018 fronte ao local Martipan do Temple sito na rúa Tapia, O Temple |
| 879/2018 | 04/05/2018 | Conceder o permiso para ocupar 33 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2018 fronte ao local El boulevard de los sueños situado no Paseo dos Templarios, núm. O Temple |
| 880/2018 | 04/05/2018 | Presentación de alegacións á proposta de liquidación provisional remitida pola Administración de Aduanas e II.EE. do aeroporto de Santiago |
| 881/2018 | 04/05/2018 | Denegar a licenza municipal solicitada para colocar na calzada de tres ramplas movibles de subida á beirarrúa para o acceso de vehículos ao local sito na rúa Curros Enríquez, O Temple. Solicitante: C de R, S.L. |
| 882/2018 | 07/05/2018 | Aprobar a relación dunha altas e dunha baixa de usuarios, para participar nas actividades educativas do curso 2017/2018 nos meses de abril e maio |
| 883/2018 | 07/05/2018 | Expediente de reposición da legalidade urbanística por realización de actividade de orquestra en baixo sito en rúa Constitución, O Temple sen comunicación previa ou licenza presentada. Propiedade: TM S.L.-ÁFMF |
| 884/2018 | 07/05/2018 | Expediente sancionador por existencia de cartel en fachada do edificio sito en Curros Enríquez, O Temple, Cambre. Propiedade: PVPE, S.L. |
| 885/2018 | 07/05/2018 | Solicitud para participar na subvención de creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos 2018-2019 |
| 886/2018 | 07/05/2018 | Expediente de solicitude acondicionamento camiños e fincas |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|----------|------------|--|
| | | por estado de parcela sita en Ponte, Cela por ramas invadindo camiño público. Propiedade: JLMI e CCSP |
| 887/2018 | 07/05/2018 | Expediente de reposición da legalidade urbanística 2018/I002/000011 por colocación de portal en finca sita no Monte, Bribes sen licenza ou comunicación previa presentada. Propiedade: MFLS |
| 888/2018 | 08/05/2018 | Conceder a licenza animais potencialmente perigosos 14/2018 CFL |
| 889/2018 | 08/05/2018 | Conceder a licenza animais perigosos 15/2018 a nome de ASM |
| 890/2018 | 08/05/2018 | Expedientes sancionadores de tráfico. Resolución recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria JJdaCG |
| 891/2018 | 08/05/2018 | Autorización apertura urna sinalada letra A, no panteón central nº 66, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona ECP, falecida o día 2 de maio de 2018. |
| 892/2018 | 08/05/2018 | Liquidación provisional a HE S.A, da taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2014 |
| 893/2018 | 09/05/2018 | Estimar a devolución de ingresos indebidos pola taxa por licenzas urbanísticas, realizada por don JAFR |
| 894/2018 | 09/05/2018 | Conceder a axuda recibo auga por importe de 83,42 euros. Solicitante: BIP |
| 895/2018 | 09/05/2018 | Denegar a axuda material escolar porque non resolve de forma significativa a situación de necesidade. Solicitante: MMAG |
| 896/2018 | 09/05/2018 | Denegar a axuda do recibo de auga por superar o importe do recibo o límite máximo por ano e por unidade familiar. Solicitante: JCP |
| 897/2018 | 09/05/2018 | Denegar a axuda gas e luz por existir avalista. Solicitante: MPV |
| 898/2018 | 09/05/2018 | Delegar no concelleiro don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de MCOC e JXRB o 12 de maio de 2018 ás 13:30 horas |
| 899/2018 | 09/05/2018 | Expediente de reposición legalidade urbanística por obras de reparación de peche en finca sita en Meixigo, Cambre invadindo unha parcela municipal e sen adaptarse a comunicación previa presentada. Propiedade: MCIC |
| 900/2018 | 09/05/2018 | Expediente sancionador 2018/I002/000004 por obras de reparación de peche en finca sita en Meixigo, Cambre invadindo unha parcela municipal e sen adaptarse a comunicación previa presentada. Propiedade: MCIC |
| 901/2018 | 09/05/2018 | Baixa de recibos polo servizo de subministración de auga e sumidoiros liquidados a contribuíntes e liquidacións aos substitutos do contribuínte |
| 902/2018 | 09/05/2018 | Aprobar a solicitude de modificación do recibo de auga correspondente ao 2º trimestre de 2017 por erro no suxeito pasivo. Solicitante: RFF |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|----------|------------|---|
| 903/2018 | 10/05/2018 | Conceder o anticipo dúas mensualidades a dona CAV, funcionaria de carreira do Concello de Cambre |
| 904/2018 | 10/05/2018 | Baixa no Rexistro municipal de asociacións veciñais (RMAV)- Asociación Cultural Recreativa Sinexia de Lecer |
| 905/2018 | 10/05/2018 | Conceder a licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita no lugar de Pontido, parroquia de Sigrás, en solo clasificado de rústico de protección ordinaria. Solicitante: BdeLLG-U |
| 906/2018 | 10/05/2018 | Conceder a tarxeta estacionamento. Solicitante: JMPC |
| 907/2018 | 10/05/2018 | Aprobar as liquidacións do prezo público das escolas de actividade física e saúde correspondente ao mes de abril de 2018 por un importe total de 3.410,65 euros |
| 908/2018 | 10/05/2018 | Aprobar as liquidacións do prezo público pola participación nos cursos de informática para máis de 55 anos (Cambre e A Barcala) e informática no rural (Bribes), a desenvolver nos meses de febreiro a maio de 2018, por un importe total de 607,20 euros |
| 909/2018 | 10/05/2018 | Aprobar as liquidacións do prezo público pola participación no programa de actividades municipais da Casa da Cultura "Vila Concepción", a desenvolver durante os meses de febreiro a maio de 2018, por un importe total de 2.114,81 euros |
| 910/2018 | 10/05/2018 | Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 18 de maio de 2018, a petición da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación |
| 911/2018 | 10/05/2018 | Celebración voda civil de MCOC e JXRB o 12 de maio de 2018 ás 13:30 horas (modificando o expte 2018/G003/000910) |

4º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:

- Recibiu chamada de ADL, para informarlle que xa podía pasar a recoller as grellas das asociacións veciñais.

- Desprazouse ao Centro de Formación para facer entrega das grellas as seguintes asociacións veciñais: Torre de Andeiro, O Cruceiro de Bribes, Brexo-Lema e Pravio. Quedan pendentes para esta semana, Meixigo, San Lorenzo e Altamira.

Día 9: Foron invitadas ela e a concelleira de Promoción Económica a unha charla sobre aperturas de negocios, impartida pola arquitecta María Rabadán, da empresa "ECCON".

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación



Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta do seguinte asunto:

- Recibiu ao persoal auxiliar das bibliotecas, quen lle expuxo a problemática do seu servizo (temas vacacións, suspensión da xornada continuada e incremento de hora e media en arquivo).

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, dá conta dos seguintes asuntos:

- Día 7: escolas de nais e pais no IES Sigrás.
- Día 13: festa da patinaxe nos Campóns.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O martes día 8, realizou visitas a catro empresas de Cambre para a entrega dos convenios das prácticas dos cursos AFD 2017-2018 de actividades de xestión administrativa.
- O mércores día 9, realizou unha visita a Cáritas (centro de día e Residencia da Terceira Idade) con motivo da súa colaboración co obradoiro de emprego (Cambre-Sada) (Proxedis) onde hai alumnas facendo as prácticas.
- O venres día 11, xunto coa técnica Sonia Machín foi ao centro de formación a despedir ao alumnado de competencias clave, xa que o sábado 13 de maio tiñan en Silleda o exame da Xunta.
- Pola tarde, xunto con técnicos de ADL achegouse á feira do Temple para recolocar algúns postos de venda ambulante e entregar as novas tarxetas de identificación.
- O sábado 12, ás 13:30 horas casou a dous veciños de Cambre.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Venres, día 11, na casa da Xuventude "obradoiro de cociña". Houbo trinta participantes e cociñaron "dorayekis", comida da serie de debuxos animados "Doraemon".
- Domingo, día 13, segunda ruta do programa "Descubriendo Cambre", a saber "ruta interpretativa do río Mero". Foi guiada polo ecólogo da UDC, Alejandro Martínez Ibraiu. Participaron 52 persoas.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Proposta de adjudicación ao licitador Emilio Cortés Varela, no importe de 23.000,00 euros sen IVE, e 27.830,00 euros IVE incluído, no expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da dirección de obra incluída no POS + 2017 da Exma. Deputación Provincial da Coruña denominada "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1." Expediente: 2018/C004/000003



- Prórroga ao curso 2018/2019 , do contrato administrativo subscrito con Hebe Sport S.L., para a prestación do “Servizo de desenvolvemento das actividades educativas municipais”, promovidas polo departamento de educación do Concello de Cambre. Expediente: 2016/C004/000004

- Proposta de alcaldía de autorización e disposición de gastos mediante o sistema de “vales de pedido”.

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de adxudicación ao licitador Emilio Cortés Varela, no importe de 23.000,00 euros sen IVE, e 27.830,00 euros IVE incluído, no expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da dirección de obra incluída no POS + 2017 da Exma. Deputación Provincial da Coruña denominada “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1”. Expediente: 2018/C004/000003

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de maio de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente incoado co número 2018/C004/000003, para adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, do servizo consistente na dirección de obra incluída no POS + 2017 da Exma. Deputación Provincial da Coruña denominada “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1”, cun orzamento de execución por contrata de 28.870,60 euros (IVE incluído).

Visto que, con data de 16 de abril de 2018, emitiuse informe-proposta de adxudicación polo arquitecto municipal, a prol do licitador “Emilio Cortés Varela”, que foi o licitador que obtivo maior puntuación en aplicación do criterio factor prezo, único criterio valorable no presente procedemento, tal e como establece a cláusula 14.3 do prego administrativo.

Visto que, requirido o licitador proposto, outorgándolle o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, esto de conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014), e segundo requirimento formulado con data de saída 25 de abril de 2018 e número de rexistro 201800000002072, este achegou en prazo nun sobre acompañado de instancia, rexistrado o día 9 de maio de 2018 co nº 0/3301, toda a documentación requerida, acreditando a súa aptitude, capacidade e atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Mutualidade de Arquitectos.



Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral da Corporación, de data 11 de maio actual, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Visto o establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto no artigo 151 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, data 14 de maio de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Declarar válida a licitación, admitindo nela aos licitadores que a seguir se relacionan, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 10.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación:

- Patricia Muñiz Núñez
- Emilio Cortés Varela
- David Sarmiento Nogueira

Segundo: Adxudicar o servizo consistente na dirección de obra incluída no POS + 2017 da Exma. Deputación Provincial da Coruña denominada "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1", a don Emilio Cortés Varela, con DNI 76314483T e domicilio en Outeiro nº 5, Cela, 15669 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 23.000,00 euros sen IVE, e 27.830,00 euros, IVE incluído, por ser o licitador que obtivo maior puntuación en aplicación do criterio factor prezo, único criterio valorable no presente procedemento, tal e como establece a cláusula 14.3 do prego administrativo, facendo a maior baixa respecto ao tipo de licitación e sen estar incurso en presunción de temeridade, segundo informe emitido polo arquitecto municipal coa data do 16 de abril de 2018.

A orde decrecente de clasificación obtida polos licitadores, en aplicación do criterio factor prezo, único aplicable no presente procedemento, foi a seguinte:

- 1º - Emilio Cortés Varela
- 2º - Patricia Muñiz Núñez
- 3º - David Sarmiento Nogueira

Terceiro: Notificar os presentes acordos aos candidatos presentados, e publicar simultaneamente a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos de Galicia (www.contratosdegalicia.es), de conformidade co establecido no artigo 151.4 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei de



contratos do sector público), aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación.

Cuarto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adxudicación, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, esto de conformidade co disposto no artigo 154 do TRLCSP, e cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto: Designase como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e de conformidade coa cláusula 18 do prego administrativo, ao arquitecto municipal, a quen lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notifíquese aos licitadores participantes, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Prórroga ao curso 2018/2019, do contrato administrativo suscrito con Hebe Sport S.L., para a prestación do "Servizo de desenvolvemento das actividades educativas municipais", promovidas polo departamento de educación do Concello de Cambre. Expediente: 2016/C004/000004

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de maio de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“Visto que no expediente nº 2016/C004/000004, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e catro de outubro de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o acordo no que se adjudica á entidade “Hebe Sport, S.L.” o “Servizo de desenvolvemento das actividades educativas municipais, para os cursos 2016/2017 e 2017/2018, prorrogable ao curso 2018/2019, promovidas polo departamento de educación do Concello de Cambre”, asinándose o correspondente contrato o día 18 de novembro de 2016.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, este ten un prazo previsto de execución de dous cursos escolares (2016/2017 e 2017/2018), comprendendo os meses de outubro a maio, (dende o 1 de outubro ao 30 de maio), e prorrogable expresamente ao curso 2018/2019, previo acordo do órgano de contratación, adoptado a petición do contratista tres meses antes da finalización do contrato principal, tal e como consta na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas, e epígrafe 4 do anexo I do cadro de características do contrato.

Visto o escrito presentado por don Roberto Villarnovo Suárez, en representación da entidade Hebe Sport, S.L. con data do 7 de maio de 2018 e rexistro de entrada número 0/3213, no que se solicita a prórroga do contrato para o curso 2018/2019 .

Visto o informe favorable emitido con data 9 de maio de 2018 pola animadora deportiva adscrita á área de educación do Concello de Cambre, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, no que consta que o adxudicatario cumpriu coas prescricións técnicas contractuais e o seu traballo foi satisfactorio, polo que non existe ningún inconveniente para que este contrato sexa prorrogado por un curso escolar máis.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 4 do anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 303.1 do RD Lexislativo 3/2011 que aproba o texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, de data 14 de maio de 2018

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Prorrogar ao curso escolar 2018/2019, (comprendendo os meses de outubro a maio, dende o día 1 de outubro de 2018 ata o 30 de maio de 2019), e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito co licitador “Hebe Sport S.L.”, con CIF B-15890809 e domicilio na rúa Venezuela, nº 3 – 3º I., 15160 Sada – A Coruña, para a prestación do “Servizo de desenvolvemento das actividades educativas municipais” promovidas polo departamento de educación do Concello de Cambre (Expediente 2016/C004/000004)



Segundo: Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar aos departamentos municipais de Educación, Intervención, e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de alcaldía de autorización e disposición de gastos mediante o sistema de “vales de pedido”.

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de maio de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Nas unidades xestoras tramitáronse os expedientes e “vales de pedido” que se relacionan a continuación.

Neles consta o informe de necesidade asinado polos técnicos coordinadores da Área, os concelleiros delegados, e por esta Alcaldía, de conformidade coa Resolución núm. 872/2018, do 3 de maio, de reserva das competencias que o artigo 118 da LCSP, atribúe ao órgano de contratación nos contratos menores.

Constan os informes emitidos pola Intervención xeral e polos técnicos coordinadores da área de onde se deriva que non hai fraccionamento do obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que ao contratista proposto como adxudicatario non se lle teñen adxudicado contratos que illadamente ou en conxunto superen o importe de 15.000 € en servizos , polo que, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Consta o correspondente certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente.

Vista a proposta de autorización e disposición de gastos do concelleiro delegado de área.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Autorizar e dispoñer os gastos correspondentes que constan nos expedientes de contratos menores mediante o sistema de "vale de pedido" que a continuación se relacionan, nas aplicacións orzamentarias sinaladas, así como a súa adxudicación ás empresas e polos importes que igualmente se indican:

Área de Cultura, Deportes e Mobilidade

| Nº expediente SERV. | Obxecto | Adxudicatario | Adxudicación IVE incluído | Duración | Aplicación orzamentaria | Nº de licitadores |
|---------------------|--|--------------------------------|---------------------------|--------------------|-------------------------|-------------------|
| 2018/C002/000024 | Obra de teatro "Animais de compañía" por Cía. Teatro do Noroeste | Teatro do Noroeste S.L. | 1.000,00 € | 1 día (17/05/2018) | 2018 334 22609 | 1 |
| 2018/C002/000029 | Obra de teatro "Bicos con lingua" por Cía. Talía Teatro | Producións Teatrais Talía S.L. | 1.194,00 € | 1 día (20/05/2018) | 2018 334 22609 | 1 |

Segundo: Notifíquese ás unidades xestoras, co fin de que o poñan en coñecemento do adxudicatario para que procedan á execución, con incorporación da correspondente factura unha vez conformada polo responsable do contrato."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia